

CONVIVENCIA INTERCULTURAL: AS VIÑETAS DE MAHOMA

A estratexia do modelo sociocrítico de EpP é a de aproveitar educativamente os conflitos que afectan á convivencia, desde os máis pequenos no patio dunha escola, ata os conflitos internacionais, como os provocados polas VIÑETAS DE MAHOMA.

En Educación para a Paz, partimos dunha serie de principios:

1º Se tes algunha vantaxe, algunha superioridade sobre outra persoa ou grupo, non a uses para abusar e desprezarlle, senón para axudarlle.

2º Fronte ao estereotipo ou fobotipo que reduce á persoa a unha caricatura despectiva, optamos pola pregunta sobre a persoa como un “alguén” aínda por descubrir enteira.

3º Estás moi a gusto nos teus zapatos cómodos e acomodados, de moito lustre ilustrado. Pero tenta tamén de poñerte nos previsibles incómodos zapatos alleos, ou nos pobres mocasíns e babuchas de menor lustre. Iso facilita o diálogo e a comprensión entre persoas e grupos.

4º Ninguén está en posesión da verdade absoluta. O gran poeta e filósofo D. Antonio Machado escribiu:

*¿Tu verdad?
No. La Verdad...
Y ven conmigo a buscarla.
La tuya, iguárdatela!*

- Segundo diversos comentaristas que merecen credibilidade, a publicación das caricaturas de Mahoma¹ non se reduce a un acto de IMPRUDENCIA, senón que se trata tamén da PROVOCACIÓN PREMEDITADA dun diario da extrema dereita danesa, o *Jyllands-Posten*, cunha INTENCIONALIDADE POLÍTICA de carácter islamófobo. Un xesto irresponsable que feriu gravemente o sentimento relixioso dos musulmáns, ademais de activar a violencia das minorías fanáticas. As caricaturas son un regalo para os extremistas de toda caste.
- Un regalo, asemade, para determinadas teocracias abusivas islamistas que aproveitan as VIÑETAS para proxectar sobre os de fóra os descontentos e abusos de dentro e rearmar o odio contra o “infiel” da civilización occidental .
- Para os ilustrados occidentais a liberdade de expresión é **sagrada** e, polo mesmo, **hai que respetala**. Pois ben, para as persoas de relixión islámica Mahoma é **sagrado**... **¿Non hai que respetalo?** Caricaturizar a Mahoma como un terrorista, cubrindo o seu rostro cun turbante en forma de bomba coa mecha acesa ou cunha daga amenazadora destinada a matar mozas virxes, é una insensata provocación

¹ O mesmo periódico rexeitou facer o mesmo “experimento” con Xesucristo.

desfiguradora, por máis que determinados fanáticos islamistas lancen bombas ou aviáns-bomba invocando o nome do Profeta e o nome de Alá.

- Algunhas das VIÑETAS do *Jyllands Posten* poden entenderse como unha **criminalización** de todas as persoas que seguen a Mahoma, cando a maioría dos 1.300 millóns de persoas que profesan a relixión islámica non practican sistematicamente a violencia e moito menos o terrorismo. É detestable fomentar con VIÑETAS ou con PUÑETAS o fobotipo de que toda a comunidade islámica é terrorista e violenta. Con tais actitudes e comportamentos estase a alimentar o vitimismo islamista, os odios étnicos, as guerras de relixión, a desintegración e o desencontro entre as diversas culturas...
- A provocación das VIÑETAS recórdame a práctica do DOBRE RASEIRO. Un debuxante fai un chiste groseiro sobre un negro. **Iso é racismo**. Un político nega o holocausto. **Iso é antisemitismo**. Un profesor afirma a superioridade dos varóns sobre as femias. **Iso é machismo**. Un debuxante insulta a Mahoma. **Iso é liberdade de expresión**.
- Os comentarios sobre as VIÑETAS dalgunhas persoas que se teñen por moi liberais produciume un sentimento decerta repulsión. Comentaristas que se montan na liberdade de expresión como nun descapotable e exhibense ante os que ignoran que asunto é ese da liberdade, xa non digo de expresión, senón da liberdade a secas. A min alardear ante os oprimidos de liberdade de expresión paréceme unha arrogancia, unha chulería. E utilizar a liberdade de expresión para humillar aos humillados précceme unha infamia.
- Hai **ultras** fanáticos en todas as relixións, hai fanáticos ateos, fanáticos ricos e fanáticos pobres. Cabería falar tamén dos **ultras fanáticos da liberdade de expresión**, do seu modo de entendela e usala, como se fose un valor absoluto sen ningunha relación de respecto cara a outros valores, sensibilidades e crenzas. Do seu modo de entendela e usala non para amparar aos débiles fronte aos poderosos, senón para rirse deles e ofendelos.
- Con toda razón somos moi críticos coas eivas, incitacións á violencia, abusos e aberracións que se cometen a cotío en determinados Estados de teocracia islamista intolerante, como por exemplo á destrución dos Budas xigantes de Bamiyán polos talibáns afganos, os relativos á desconsideración da muller (matrimonios forzados, discriminación, ablación do clítre, lapidacións...), as insidias do réxime saudita que, ás agachadas, patrocina a propagación, por todo o planeta, do fanatismo wahabista, caldo de cultivo de terribles atentados indiscriminados.
- A superación da unión do Trono e do Altar en occidente, significou o triunfo do Estado aconfesional, laico, e unha profundización do relixioso,

que pasa a ocupar a esfera das relacións íntimas co sagrado, coa divindade. Podemos estar ufanos en occidente da nosa ILUSTRACIÓN LAICA pero sen olvidar que hai moi pouco tempo na España do nacionalcatolicismo dicíase aquilo de "POR EL IMPERIO HACIA DIOS".

- No occidente estamos moi satisfeitos da nosa ILUSTRACIÓN, das nosas liberdades, pero podemos converter esa satisfacción en menosprezo daqueles países e culturas que, por razóns históricas, levan algúns séculos de retraso neste proceso emancipador. Entre as responsabilidades históricas deste retraso, unha, e non pequena, corresponde a ese occidente ilustrado que tanto se gaba da democracia, da liberdade de expresión e da liberdade relixiosa, pero que andivo moi dilixente, coa súa política de imperialismo colonial, á hora de reprimir a liberdade política de moitos pobos, de explotalos economicamente, o que con toda seguridade favoreceu a desescolarización e "des-ilustración" da infancia e mocidade, un occidente que puxo trabas aos intentos creadores das minorías "ilustradas" deses países e sobornou sempre que poido ás súas élites dirixentes.
- Afirmemos os nosos principios democráticos, as nosas liberdades, conseguidas despois de varios séculos de loita ilustrada e política, pero sen esquecer que esos principios, liberdades e luces foron e seguen a ser negados e conculcados nos países empobrecidos con toda clase de guerras, agresións e abusos coloniais ou neocoloniais. E recordemos o sucedido hai poucos anos na Europa balcánica... Recordemos ao recién finado Milósevic... Recordemos o proceso neocolonial en Irak e a non solución do conflito en Palestina, que está a alimentar as reaccións violentas dos islamistas radicais. E recordemos a Guantánamo, Abu Ghraib, ás cadeas clandestinas, o secuestros e traslados en voos secretos.
- Para os occidentais que estamos tan ufanos dos nosos zapatos ILUSTRADOS e TOLERANTES sería moi pedagóxico RECORDAR. Non hai moito tempo a chamada cristiandade queimaba e mataba no nome de Deus. Os cruzados cristiáns, atizados polo Papa e a xerarquía eclesiástica, converteron a cruz nunha arma de destrución masiva e o fanatismo cristián transfigurou ao apóstolo Santiago nun Santiago Matamouros. Hai poucos decenios, o **nacional-catolicismo español** calificou de Cruzada un levantamento militar de carácter fascista contra o goberno democrático da República. Co triunfo da "cruzada", España pasou a ser un Estado confesional, sen liberdade relixiosa, sen liberdade de expresión.
- Temos que considerar desde a nosa vida de persoas privilexiadas e ilustradas que para moita xente do mundo empobrecido a relixión e as súas promesas de paraísos é case o único consolo que teñen. Supón asemade unha esperanza de liberdade, xa que non gozan doutra nin por parte de determinadas democracias occidentais que invaden

militarmente os seus territorios e practicaron e practican políticas ultraliberais esquilmadoras das súas materias primas, nin por parte dos seus propios dirixentes, moitos deles ao servizo dos intereses das grandes potencias occidentais.

- ¿Liberdade de expresión e liberdade de elección en occidente? **Si, pero menos.** Son de uso frecuente as imposicións relixiosas , en moitas familias cristiás, do "sacramento" do bautismo aos bebés. Eu sería moi feliz se, por un milagre da natureza, un bebé grítase ao borde da pila bautismal: *¡Socorro, que me sacramentan!* Pero, evidentemente, os bebés non poden exercer aínda nin a liberdade de expresión nin a liberdade de elección.
- Fagamos asemade un chequeo das nosas prácticas actuais, cunha considerable presenza social do "sagrado", do "sacramentado". Temos sacramento bautismal para os comezos da vida, sacramento da primeira comunión para os nenos e nenas que chegan "ao uso de razón", sacramento matrimonial e para as persoas en perigo de morte ofrecemos o sacramento da extrema-unción. Temos procesións sagradas, órdenes sagradas, bispos consagrados, lugares sagrados, bandeiras e patrias sagradas. No ano 1945, en tempos de Franco, España foi consagrada ao Sagrado Corazón de Xesús no Cerro de los Ángeles, cerca de Madrid. Temos Anos Santos e "domingos e festas de gardar", días sagrados ... Temos ao Sumo Pontífice, persoa superconsagrada, con tronos , tiaras, báculos e palios sagados, sillas xestatorias sagradas, ornamentos sagrados, case diría que ata "papa-móviles" sagrados... E hai séculos tiñamos o Sacro Imperio Romano Xermánico, é dicir emperadores e reis sagrados, sacramentalmente coroados nas suntuosas basílicas católico-romanas, por non falar do emperador Napoleón que, a principios do século XIX, foi consagrado polo Papa Pío VII na catedral de París ou de Franco baixo o palio sagrado, como se fose o Santísimo Sacramento.
- Ogallá cheguemos tamén a descubrir que non é todo teocracia intolerante o que se vive e respira no mundo islámico. Que hai movemento ilustrador, emancipador en homes e mulleres que tentan de chegar a un compromiso convivencial entre o sagrado e o profano (entendido non como desprezo ao sagrado, senón simplemente como non-sagrado).
- Podemos e debemos exercer a crítica, pero sen arrogancia e menosprezo que sempre resultan destrutivos. Do que se trata é de axudar, de avivar novas luces interculturais pola mutua interpelación e conversa, de consensuar modos de convivencia desde as diferencias existentes.
- Cando eu era xoven tiña moito éxito unha canción titulada "*¡Si yo tuviera una escoba, cuántas cosas barrería!*". Pois ben, se eu tivese unha vasoira máxico/democrática, gustaría de vasoirar:

- A Santiago Matamouros
- A tronos, tiaras, báculos e palios sagrados, aos ostentosos capisais papais e clericais, cambiándoos por cómodos sillóns, sinxelos bonetes ou sombreiriños de fieltro, bastóns, paraugas e traxes de veludo. E que eses xerarcas eclesiásticos, tan decorados, deixen sitio e palabra ao pobo de Deus, que xa está ben de tanto ocupar e predicar.
- Non digo que haxa que vasoirar ao Papa, que merece un respecto, pero como preside a igrexa dos pobres (disque), que deixe de ser Sumo Pontífice e pase a ser homilde pontella. Queda como máis evanxélico.
- Vasoiraría o Sacro Imperio Romano Xermánico na súa versión imperialista actual, poñendo no seu lugar un Estado normal e solidario, no contexto de todos os demais Estados nacionais ou plurinacionais (que tanto ten).
- Vasoiraría as bombas, incluídas as que fabricamos en occidente e vendemos a oriente; tamén ás cruces pervertidas en armas de destrución masiva, vasoiralas, amorealas e fundilas e poñer no seu lugar unha cruz de madeira cun Cristo que perdoa a pesar da ca... , da "cafaena" que lle están a facer.
- Sentiría un enorme pracer á hora de vasoirar, abater, demoler a parede/montaña da Meca onde os pelengríns lapidan ao demo e poñer alí o gran letreiro da sabedoría galega: "*Deus é bo, pero o demo non é malo*". Porque é sabido que comezas lapidando ao demo e segues lapidando ás mulleres. Así que tamén gustaría de vasoirar aos fervorosos lapidadores de mulleres, dándolles a todos eles, de propina, unha boa patada no cú.
- Non menor pracer sentiría en vasoirar as teocracias intolerantes, en disolver aos seus talibáns, sátrapas e corruptos señores feudais, e instaurar rexímenes democráticos respectuosos cos dereitos humanos.
- Vasoiraría aos restos de sagrada patria española, versión nacional-católico- episcopal-cadena Cope.

Vasoirar... e non proxectar sobre Deus o que debemos acometer os seres humanos. Con tal ánimo, uno as miñas pregarias ás daquel sabio cura galego que nunha misa dominical pregou: "*Para que Deus acabe coa fame en Somalia, que non o fará, roguemos ao Señor*".

E remato coa fábula do humorista Máximo (El País):

Érase una vez un rey de Persia que decidió tirar una bomba atómica sobre Copenhague debido a lo mal que le sentó una caricatura danesa sobre Mahoma.

La reina de Dinamarca y madre de Hamlet, Doña Libertad de Expresión, rogó a su colega Isabel de Inglaterra que tirase otro artefacto nuclear sobre Teherán, cosa que la soberana hizo entusiasmada al grito de

"Sangre, Sudor y Lágrimas", y apoyada por Bush II de USA, que se solidarizó con los reyes y reinas de la cristiandad tirando otra bomba sobre Irak y una más (aunque más pequeña) sobre La Habana.

Y así es como estalló la Tercera Guerra Mundial con la participación patriótica de 54 países y el sacrificio heroico de 300 millones de muertos o más.

CALO IGLESIAS, Seminario Galego de Educación para a Paz. Santiago de Compostela. Marzo, 2006